

O galego: lingua nacional de Galiza e patrimonio mundial

Un idioma é un ben ecolóxico que toda sociedade debe preservar. É obriga de todos nós usar o galego, enriquecé-lo e transmiti-lo xeración a xeración. A súa existencia é garantía dun planeta diverso e plural, no que as diferentes nacións, culturas e linguas son síntoma de que os povos non se submeten á tiranía da colonización cultural e ao 'pensamento único'.

Os estudosos cifran en perto de 6.000 o número de linguas existentes no mundo. Evidentemente, non todas teñen a extensión nen o prestixio do inglés, aínda que si teñen a mesma función que este: permitir que as persoas se comuniquen entre si. Desde ese

punto de vista, tan importante é o inglés, cos seus 350.000.000 falantes, como o sanapaná, lingua falada nunha pequena zona do Paraguai por unha comunidade de apenas 3.000 individuos.

O galego -que serve a unha comunidade de máis de tres millóns de falantes- é unha lingua, un idioma, máis que apto para a comunicación dos galegos e galegas. Usar o galego decote en calquer ámbito e contexto, falá-lo e escribél-lo, reafirma-nos como povo e como nación. O contrario, limitar ou abandonar o seu uso, é perder un dos máis claros sinais de identidade con que contamos.

Outras mil privameras máis para o galego

Agora que se aproxima o comezo dun novo milénio, cumpre lembrar que o nacemento do galego se remonta a hai mil anos, cando o latín, a lingua que impuxo o império romano, evoluciona de forma diferente en cada territorio submetido ao seu dominio. E así xurdiron o galego, o francés, o italiano, o catalán, o español, o occitano... Temos, portanto, unha lingua con *pedigri* histórico que gozou en certos momentos dun enorme prestixio en toda a península ibérica.

Na época medieval, en galego falaban as xentes, cantaban os poetas, redactaban os escribáns... Foi esta unha etapa de esplendor para a nosa lingua, que mesmo era utilizada fóra das nosas fronteiras, debido ao prestixio literario que alcanzara. Naquel momento ningún dubidaba da utilidade do galego e da súa capacidade para se adaptar a todas as funcións sociais que como lingua de Galiza lle eran propias.

Pero a historia tamén reservou para o noso idioma outros momentos menos brillantes. Entre o século XV e o XVIII o galego deixa-se de escribir (que non de falar) por mor da perda de poder político de Galiza e o conseguinte proceso centralizador dos Reis Católicos.

Durante máis de trescentos anos o galego é conservado e transmitido ás novas xeracións mercé ao único esforzo das camadas populares (labregos, mariñeiros...).

A recuperación de usos para o galego iniciada a finais do XVIII, no XIX e principalmente a primeiros do XX viu-se freada en seco co alzamento fascista do 36. Nese tempo reprimen-se os usos públicos do noso idioma, que queda na práctica reducido a ámbitos familiares e privados, e a súa presenza pública é máis no exilio que na propia nación. A finais dos anos 60 e nos 70, en plena loita anti-franquista, reaparece con forza a consciencia nacional en Galiza. Na conformación desta consciencia, a loita polo uso e a oficialidade do galego é unha das reivindicacións prioritarias: o nacente sindicalismo galego comeza a impulsar a presenza do noso idioma nas loitas sindicais e no mundo do traballo.

Así foi como o galego resistiu e se seguiu falando e escribendo até hoxe, momento no que, máis ir conquistando pequenos espazos de uso en determinadas frentes (ensino, administración, mundo da xustiza, nomes dos lugares, medios de comunicación...), non deu conseguido aínda a súa completa normalización.

Pola recuperación social do galego

Segundo os datos estatísticos que se manexan, entenden o galego o 97% dos homes e mulleres que viven en Galiza, son quen de falá-lo o 86%, de le-lo o 46% e de escribê-lo o 27%.

En canto ao uso do noso idioma, os datos indican que máis de dous terzos (o 68%) dos cidadáns e cidadás de Galiza falan habitualmente en galego, aínda que o que acontece é que na xente nova o uso é moito menor. Isto é debido a que as últimas xeracións, mesmo no caso de galegofalantes, a lingua que lles transmiten aos fillos é fundamentalmente o español. Ademais de que a escola segue a ser un axente castelanzador para os rapaces e rapazas, no canto de ser un lugar de recuperación do galego para estes.

O uso do galego é maior na xente de máis idade, de hábitat rural, nas clases sócio-económicas máis populares e nas de menor nivel de estudo, que foi a xente que xa mamou o galego desde o berce. En definitiva, o galego é sen dúbida a lingua máis falada en Galiza, aínda que este uso decae na xente máis nova, xente

que -curiosamente- é a que presenta mellores atitudes en favor do galego e do seu uso en todos os ámbitos; así mesmo, observan-se eivas notábeis en canto á alfabetización no noso idioma (fala-se bastante pero escribe-se moito menos).

Ante isto, o que cumpre é evitarmos dúas posturas diverxentes pero igualmente paralizadoras. Unha, a de pensar que o galego corre o risco de desaparecer en poucos anos. A outra, a de crer que o galego *vai ben*, que nunca estivo mellor e que non hai nada do que se preocupar neste senso. Temos que, portanto, fuxir de ambas as posturas: da primeira por *catastrofista* e da segunda por *hiperpositivista* (ou *narcotizante*), xa que as dúas resultan perigosas e altamente desmobilizadoras, nun momento ademais en que o galego precisa de vontade firme, determinacións claras e medidas axeitadas co fin de situar o noso idioma no lugar que como lingua nacional dos galegos e galegas debe ocupar, e xa.

Comunica-te en galego, é o próprio

A falta de institucións plenamente soberanas en Galiza non debe impedir-nos un labor constante a prol da recuperación social do galego, labor que ten que atinxir todos os ámbitos e esferas da nosa nación.

Son necesarias iniciativas -colectivas e individuais- que impulsen o proceso de normalización do noso idioma e contribúan a que o galego se asente plenamente como lingua propia da nación.

É tempo de actuarmos para que o galego non se vexa condenado a ser un idioma de segunda, dependente do español e recluso en usos familiares, literarios ou rituais...

É tempo de que o noso idioma ocupe o espazo social que lle corresponda, como lingua de comunicación normal de todos os galegos e galegas...

comunicar-se en galego é o próprio

